

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 30 DE XULLO DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día trinta de xullo de dous mil dezaoto, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e tres minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Non adscritas/o:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D. Víctor López Mateo.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### 1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 25 DE XUÑO DE 2018.

Non hai ningunha observación respecto ao texto do borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 25 de xuño de 2018.

### 2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 20.06.2018 a 23.07.2018.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 20 de xuño de 2018 e o 23 de xullo de 2018.

## PARTE RESOLUTIVA

### 3. CONTA XERAL DE 2017. CONCELLO E INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que este axunto xa foi informado pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas, con carácter previo á súa exposición pública, acordándose en consecuencia o seguinte:

“Formada por Intervención a Conta Xeral do Concello de Monforte de Lemos correspondente ao exercicio de 2017, comprensiva da Conta da propia Entidade e da do seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, foi informada en sentido favorable pola Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o 24 de maio de 2018; seguíronse os trámites do art. 212.3 da Lei Reguladora das Facendas Locais: exposición pública por prazo de 15 días, a efectos de reclamacións, reparos ou observacións en dito prazo e 8 días máis. Así foi recollido no anuncio publicado no B.O.P. nº 127 do 5 de xuño de 2018, non se producindo reclamacións, reparos ou observacións, que houbera que someter novamente á Comisión Especial de Contas.

O Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

### ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Monforte de Lemos correspondente ao exercicio de 2017, comprensiva da Conta da propia Entidade e da do seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, coas seguintes magnitudes e cifras a fin de exercicio:

#### CONCELLO.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 62.316.242,92 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 3.731.597,23 €.
- Resultado Orzamentario axustado: 2.026.728,65 €.
- Remanente de Tesourería total: 10.530.297,90 €.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais: 7.399.832,53 €.

#### INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 67.903,26 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 1.347,07 €.
- Resultado Orzamentario axustado: 2.951,49 €.
- Remanente de Tesourería total: 30.152,25 €.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais: 29.870,21 €.

SEGUNDO.- Remitir en prazo e forma debidos a Conta Xeral de 2017 ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

#### **4. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 37/2018, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS PARA AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DE DÉBEDA (LEASING), PARA CORRIXIR ERRO HABIDO EN EXPEDIENTE 18/2018, SUPLEMENTO DE CRÉDITOS FINANCIADOS CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA DA LIQUIDACION DE 2017.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame acórdase o seguinte:

“Visto expediente de modificación orzamentaria 18/18 de suplemento de crédito para amortizar débeda por importe de 956.606,93 €, aprobado inicialmente polo Pleno en sección celebrada o 30 de abril de 2018, definitivamente trala publicación no BOP 139 de 19/06/2018.

Visto informe de Intervención no que se pon de manifesto que no mesmo hai un erro que non afecta ó importe total do expediente, nin este deixa de cumprir o previsto no artigo 32 e na D.A. 6ª da LOEPSF e no Real Decreto-Lei 1/2018, de 23 de marzo, na que se prorrogan as medidas previstas nesta disposición para regular o destino do superávit orzamentario correspondente á liquidación de 2017, senón que se trata dun erro nas aplicacións ás que se debe destinar o crédito financiado co remanente.

Visto o anterior, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 37/2018 por importe de 17.359,71 € na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ó remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2017, en cumprimento da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, co seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DESCRICIÓN	IMPORTE A FINANCIAR
1532.648.00	LEASING	17.359,71 €

APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	TOTAL
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	17.359,71 €

SEGUNDO. Expor este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

#### **5. CESIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, Á FCC MEDIO AMBIENTE, S.A., FILIAL DE FCC, S.A.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Mª José Vega Buján).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.

Tralas intervencións regulamentarias, o asunto queda sobre a mesa, especialmente para que emita informe a Intervención municipal.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que poden estar máis ou menos de acordo co que se explica no expediente e se explicou na Comisión informativa. Pero cal é o capital de participación desta empresa? Que é o que nos pode acontecer se hai problemas? Ata que punto nos podemos ver involucrados, alguén que poida aclaralo.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que está na mesma liña da anterior interveniente. Tamén quero saber se alguén se dirixiu aos representantes dos traballadores.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que en definitiva trátase de autorizar a cesión, sendo cedente FCC e cesionaria FCC Medio Ambiente. Parece como de mero trámite. Contactei con representantes dos traballadores, que entenden ser cuestión de mero trámite. Na proposta hai un erro na data do informe de Secretaría, 18/05/2018, debe ser 16/07/2018. Botamos en falta o informe de Intervención. Non existe. Solicitamos que quede enriba da mesa ata que contemos con ese informe. Non está acreditada a cuestión económica máis aló do da garantía.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que queda á espera do que resulte do que dixeron os demais. Anunciarei o voto na segunda quenda.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que creu que era un mero trámite. Non teño problema en que quede sobre a mesa. Temos que asegurarnos ben. Queda sobre a mesa para o próximo Pleno, a expensas do informe de Intervención.

## **6. RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA EMPRESA AQUALIA CONTRA O ACORDO DO PLENO DO 28/05/2018 EN RELACIÓN COA RECLAMACIÓN POLA NON ACTUALIZACIÓN DAS TARIFAS DOS SERVIZOS DOS QUE É CONCESIONARIA.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Visto o informe de Secretaría do 16/07/2018 en relación con este asunto, e cos argumentos que nel constan,

(O informe de Secretaría di o seguinte:

“ 1º.- ANTECEDENTES.

O Pleno municipal, en sesión celebrada o 28 de maio de 2018, adoptou o acordo que na súa parte dispositiva di o seguinte:

*“Denegar nos termos e para as contías que foi formulada, a reclamación presentada pola empresa FCC Aqualia pola non actualización de tarifas dos servizos dos que é concesionaria durante o tempo do contrato ata o ano 2017 incluído, e comunicarlle á empresa que a posición municipal nese asunto cuantifica como cantidade que procedería recoñecer por ese concepto a de 477.971,00 €.”*

A reclamación denegada incluía o seguinte:

- A cantidade de 1.713.222,33 € pola non actualización de tarifas dende o inicio do contrato ata o ano 2016.
- A cantidade de 178.545,09 € pola non actualización de tarifas para o ano 2017.
- Un incremento de tarifas para o exercicio 2018.

Contra dito acordo, que foi notificado o 5 de xuño de 2018, presenta a empresa recurso de reposición en prazo (registro de entrada nº 2018/10496, do 05/07/2018), para que se revise o acordado e se acceda ao solicitado inicialmente pola empresa, engadindo agora no recurso que se lle aboe a cantidade de 477.971,55 €, que figura no acordo municipal contra o que se presenta o recurso.

## 2º.- ANÁLISE DO RECURSO PRESENTADO.

O recurso de reposición presentado pola empresa Aqualia ten carácter potestativo, puido a empresa ir directamente á xurisdición contencioso-administrativa sen este paso intermedio, que ten o sentido de darlle á administración a oportunidade de volver sobre os seus actos e evitar dese modo o litixio xudicial.

O que non procede por vía de recurso é pretender un pronunciamento adicional do Concello ao de manter ou non o acordo recorrido; cabe aceptar o recurso en parte, pero sempre no marco das peticións sometidas ao acordo que se impugna.

Faise constar o anterior porque a empresa Aqualia introduce no seu recurso a petición de que se lle aboe a cantidade calculada polo Concello á hora de desestimar as súas pretensións. É obvio que iso non o podía solicitar inicialmente ao descoñecer o cálculo que podía facer o Concello, pero tampouco pode formar parte dun recurso que pretende manter integramente a súa reclamación inicial. Se a empresa aceptase e non impugnase o acordo inicial, podería solicitar a cantidade referida nun novo procedemento, e mesmo iniciar o procedemento o Concello de oficio. Esa tamén é unha razón para que esa solicitude concreta teña que ser autónoma respecto ao que ten que ser obxecto dun recurso administrativo como o que se presenta, polo que parece lóxico que non sexa tomada en consideración no marco da resolución do recurso.

En canto á solicitude que se fai de que o Concello modifique a denegación acordada por acordo plenario do 28/05/2018 e acepte en vía de recurso todo o que solicitaba a empresa e lle foi denegado, cómpre examinar os argumentos que para iso fai a empresa.

## Sobre a prescripción.-

O primeiro que alega a empresa é algo que xa foi informado e resolto no acordo que se impugna, cando se dicía que “fai referencia a empresa ao que se negociou con ela, que non foi aprobado polo Pleno municipal. Como se di noutro expediente no que a empresa fai unha referencia parecida, *“dito acordo de non aprobación da compensación que se propuña incluíu non aprobar o recoñecemento de obrigas e dereitos de ambas partes, Concello e Aqualia, e é un acordo firme e consentido. A empresa ten actuado de forma autónoma en defensa dos seus dereitos sen sentirse vinculada polo que figuraba naquel expediente e o Concello está facendo o propio.”* A empresa parece que quere interpretar esa non aprobación e dilucidar que houbo algún tipo de aprobación. Non é así, nada aprobou o Pleno e ese acordo non aprobatorio é un acordo firme e consentido.

O segundo é unha aportación documental sobre a interrupción da prescrición, que foi unha das cousas que tivo en conta o Concello á hora de adoptar o seu acordo. Se se miran as datas desa aportación documental, dásele a razón ao Concello cando tomou como data de referencia a do 17 de outubro de 2102. Trata a empresa tamén de xustificar que non se aplique a figura da prescrición, en base a ser unha obriga municipal resultante da normativa contractual. Precisamente, a prescrición opera respecto a obrigas económicas, que a propia empresa di que tivo que reclamar polo incumprimento da administración. É o tempo para formular esa reclamación o que o Concello examina e sobre o que decide.

#### Sobre o cálculo do IPC.

Nada se alega sobre as razóns que o Concello tivo para facer o cálculo dende 2006, fronte a data de 2001 que pretende a empresa.

#### Sobre os xuros.

O artigo 99 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, que alega a empresa, ten que ver co pago do prezo dos contratos, que tamén pode ser o que proceda inicialmente sen unha revisión de dito prezo se esta non se acordou, o cal cumpre o Concello, sen prexuízo de que ese cumprimento é indirecto ao retribuírse a empresa como concesionaria do servizo coas tarifas dos servizos que presta, razón adicional para non aplicar aquí o artigo 99 citado.

#### Ano 2018

Inclúe a empresa o relativo ao incremento de tarifas para 2018, sen alegar nada novo, polo que tamén se poderá manter o decidido xa polo Pleno a este respecto.

#### 3º.- CONCLUSIÓN.-

Da análise feita do recurso presentado, resulta razoable desestimalo e manter o acordado polo Pleno o 28 de maio de 2018.

A Corporación municipal decidirá o máis conveniente para os intereses municipais.”).

O Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

### ACORDO

Desestimar o recurso de reposición presentado pola empresa Aqualia contra o acordo do Pleno do 28/05/2018 en relación coa reclamación pola non actualización das tarifas dos servizos dos que é concesionaria, mantendo dito acordo nos termos nos que foi adoptado.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que é un tema xa debatido e foi visto o informe de Secretaría. Cómpre lembrar do Pleno de maio o do contencioso perdido pola empresa e o outro do que desistiu. Procede desestimar este recurso.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que votarán a favor da desestimación do recurso.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que chove sobre mollado. Vemos actuacións de Aqualia e non do Concello respecto a ela. En maio, nós abstivémonos, non entendiamos porque había que recoñecer unha cantidade. Incorporase a petición de entrega dela, tamén consideran aquilo non aprobado no Pleno. Estes elementos e estes informe cárgaos o díaño, favorecen á empresa. Le aquilo que non se aprobou e que alega a empresa. Este Grupo non pode facer outra cousa que desestimar o recurso, pero pola porta de atrás recoñécese algo. Traemos unha moción para que se absteña de seguir traendo cousas a favor da empresa.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que vota a favor.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que agradece a posición dos Grupos. Dirlle a Dna. Julia Rodríguez que non se recoñece nada, é condicional. A empresa ten dereito a recorrer. Aquel documento era un documento de traballo, non houbo acordo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que menos mal que non chegamos a ese acordo. Afortunadamente que non se aprobou, ganamos un contencioso e a empresa marchou do outro. É oportuno desestimar o recurso.

(Dna. Maribel García Díaz non intervén).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que si se recoñece a cantidade, iso motivou a posición do resto dos Grupos. Afortunadamente non se aprobou aquilo anterior. Habería que desestimar, sen recoñecer; por tanto, abstención.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias non intervén).

Do Sr. Alcalde, que di que o que figura é que procedería recoñecer, cos datos do Concello. E haberá que ver como estará isto ao fin do contrato.

## 7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE SOBRE A NECESIDADE DUNHA REDE COMARCALIZADA DE REFUXIOS DE ANIMAIS NA PROVINCIA DE LUGO.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Marina Douton Rajo).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi vista, sen pronunciarse sobre ela, pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base á moción e con algunha modificación nos puntos do acordo tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Exposición de motivos.

O 29 de maio de 2018, o Pleno Provincial da Deputación de Lugo aprobou unha modificación de crédito para incorporar ao Orzamento provincial de 2018, mediante suplemento de crédito, un importe de 4.190.000 €, dos cales 200.000 € están destinados para “facen unha canceira na zona sur de Lugo”.

Dito refuxio de animais dará servizo a 22 concellos, na zona sur de Lugo. O Concello de Sarria, que presenta un número moi elevado de cans abandonados, dependería deste macrocentro de Monforte.

A construción de refuxios de animais na zona sur de Lugo é unha necesidade, aínda que esta solución, a modo de “macrocanceira”, non é mellor, dado que este tipo de centros de tan grandes dimensións orixinan máis enfermidades, problemas de hacinamento e a conseguinte maior mortandade de animais. Ademais, hai problemas para o transporte e rescate de animais en concellos que non contan con policía local ou Garda Civil.

O ideal é dotarse de pequenos refuxios de animais, que dean servizo a menor número de concellos, cunhas dimensións adecuadas, de **xestión pública coa participación das protectoras de cada zona**, que defenden o benestar animal e dean saídas ao problema mediante a búsqueda activa de fogares de acollida e adopción, cousa que mitiga o impacto dos abandonos, evitando a súa xestión por empresas privadas que antepoñen o lucro ao benestar dos cans.

Mantendo o mesmo formato de financiamento (construción dos centros por parte da Deputación e aportación dos Concellos) poderíase deseñar progresivamente unha rede comarcalizada de refuxios de animais a nivel provincial, tendo en conta ás protectoras e asociacións en defensa dos dereitos dos animais da provincia de Lugo.

Por todo isto, o Pleno, por once votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, do BNG e do PP e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

### ACORDO

“Solicitar ao Concello de Monforte, que adopte as medidas necesarias para que se comecen a aplicar as seguintes solucións, instando ás administracións competentes en cada caso:

1.- Solicitar á Deputación Provincial de Lugo o deseño e impulso dunha rede comarcalizada de refuxios de animais, cun modelo de refuxios de dimensións medias, que agrupen a varios concellos,



evitando macrocentros, e que teña en conta ás protectoras e asociacións en defensa dos dereitos dos animais da provincia.

2.- Solicitar á Deputación Provincial de Lugo que, para o sur de Lugo, canto menos, existan no mais breve prazo posible un refuxio de animais en Sarria e outro en Monforte de Lemos.

3.- Solicitar á Deputación Provincial de Lugo que os refuxios de animais da provincia contén un regulamento exhaustivo que determine exactamente os protocolos de sacrificio eutanásico cando este sexa estritamente necesario, tal como establece a normativa de benestar animal vixente.

4.- Solicitar á Xunta de Goberno local a redacción dunha Ordenanza municipal sobre protección, benestar animal e tenza responsable de animais, para a súa aprobación en pleno.

5.- Solicitar á Xunta de Goberno local a realización dunha campaña informativa á cidadanía sobre a nova lei de benestar animal galega e sobre a tenza responsable, así como unha campaña específica dirixida ao alumnado dos centros educativos.

6.- Reservar fondos nos presupostos anuais do Concello de Monforte de Lemos para sufragar os gastos do refuxio de animais da comarca de Lemos, na parte que nos corresponda proporcionalmente.

7.- Instar á Deputación Provincial de Lugo a que esta canceira sexa de xestión pública e a contar coa colaboración da asociación Amarcán de Monforte e calquera outra asociación de defensa do benestar animal no ámbito da canceira, tanto na elaboración da ordenanza como no traballo que voluntariamente poidan prestar.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción, con algunha explicación adicional. Engade o duns terreos dos que falou o Alcalde para a canceira: non ten habido maneira de saber onde están. Se ten a ben, fáganos partícipes ou informe.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están a favor do que aquí se solicita. No punto 6, estarase referindo a que colaboremos na porcentaxe que corresponda xunto con outros concellos. Salvo ese matiz, de acordo. As dimensións deben ser para atender debidamente os cans, os macrocentros non axudan. O punto 7, por suposto, xa Amarcán trouxo aquí un borrador de ordenanza.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que é un tema xa debatido. Nós tamén fixemos unha proposta en 2017 sobre a ordenación. Máis ou menos, coincidimos con esta proposta. Os grandes refuxios non favorecen unha axeitada atención. Sobre a campaña informativa, nós estamos sempre a favor de que se informe á cidadanía, como dixemos no caso do IBI. O de sufragar gastos, supoñemos que na parte proporcional que correspondese. A colaboración debe ser con Amarcán e con calquera outra que teña por obxecto a defensa animal.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que van apoiar esta iniciativa, non tanto polo contido como polo espírito. Este Grupo propuxo na Deputación unha canceira no sur da provincia, só hai unha pequena en Quiroga. A colaboración, con Amarcán e con outras que poidan xurdir e mesmo abrir o abano a asociacións con intereses nisto, como as gandeiras. Coincidimos máis ou menos cos diversos puntos. O importante é que o centro funcione dunha forma axeitada. Cando se faga, que non se escatime para que quedase obsoleto ao pouco tempo. Terán que aterse as instalacións ás leis vixentes. O noso voto é a favor, no sentido de a favor dos animais.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que o equipo de goberno comparte o que fai a Deputación para solucionar os problemas dos animais, basicamente os cans. Os centros pequenos non son viables. O tamaño previsto pola Deputación é o adecuado. O modelo participativo ten que ser sen detrimento do funcionamento. Vaise dividir a provincia en tres ou catro zonas. Solicitar para Monforte de Lemos, si; para Sarria, que digan eles. A ordenanza será cando as circunstancias políticas sexan as adecuadas. Para reservar fondos, primeiro haberá que mirar como se reparten os custos. No punto 7, sería instar á Deputación e non ao Concello. Non estamos de acordo cos sete puntos, que non están ben perfilados. Ímonos abster.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que no punto 6 non hai problea de engadir “na parte que nos corresponda proporcionalmente”. Tampouco hai problema en engadir no punto 7 “e calquera outra asociación de defensa do benestar animal”. No punto 2, solicítase á Deputación de Lugo, non é que Monforte inste a Sarria. Expliquen que entenden por “circunstancias políticas adecuadas”. Para instar a xestión pública no punto 7, non hai problema en cambiar a quen se insta, o importante é que sexa pública a xestión.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que ao parecer a primeira idea era un refuxio en Sarria e outro en Monforte. A favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao BNG, que se consideran primeiros nisto, que reivindica a iniciativa levada a cabo por Amarcán. Agradecer as correccións feitas pola proponente. Sobre que a nova ordenanza será cando o permitan as circunstancias políticas, Amarcán trouxo unha xa elaborada. Se iso o din por unha futura maioría absoluta, mostrarían non ter ningunha vontade de consenso. Pon exemplos de outras ordenacións adiadas por iso. Lamentar esas palabras, é non facelo por ter que contar co resto da Corporación.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que lle di á portavoz do PP que se referiu ao seu Grupo respecto ao que presentou na Deputación. Foi iso o que dixen.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di á portavoz do PP que ten que mirar como fan outros gobernos, como os do PP. A colaboración da asociación na ordenanza está ben, pero por que Amarcán e non outras e de que ámbito? A potestade normativa é delas? Benvido sexa o estudo e xa se verá. Dille á portavoz de Esperta Monforte que o das circunstancias políticas adecuadas xa se dixo noutras Corporacións. Unha cousa son acordos de goberno e outra, declaracións de intencións. Por exemplo, á hora de determinar o sacrificio eutanásico, que son termos contrarios. O matiz de financiamento introducido por Dna. Pilar López, é importante; aínda así, “a parte que nos corresponda” é un cheque en branco. No de instar ao Concello no punto 7, xa dixen que ten que ser á Deputación. Mantemos a abstención.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di ao anterior interveniente que non lle coa que non saiba o que é un sacrificio eutanásico. É a permisividade para morrer dignamente, cando non hai solución. O de instar á Deputación é no punto 2, respecto a Sarria. No punto 7, non hai inconveniente en poñer á Deputación, o importante é a xestión pública. Non respostan a cando se levará isto adiante e onde están os terreos, obvian contestar aspectos importantes. Contar con Amarcán está ben, foron eles quen levaron o peso dos traballos.

Do Sr. Alcalde, que di que o futuro está por escribir. Será a Deputación quen diga onde será a parcela, a oferta de mercala vaina facer a Deputación.

(Para a votación, engádesse no punto 6 o que xa queda reflectido, e no punto 7, por un lado inclúese “e calquera outra asociación de defensa do benestar animal no ámbito da canceira”, e por outro ínstase á Deputación provincial de Lugo, en lugar de ao Concello).

## **8. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.**

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír as seguintes mocións.

### **A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á PREVENCIÓN, INFORMACIÓN E ACTUACIÓN CONTRA A PRAGA DA VESPA VELUTINA.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e con algunha modificación nos puntos do acordo tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A expansión da Vespa Velutina no territorio galego é unha realidade á que nos debemos enfrontar dun xeito contundente. A vespa asiática, chamada comunmente, representa un grave perigo para o noso ecosistema, os nosos apicultores e mesmo para o ser humano. Nos últimos días dous homes morreron por picaduras deste insecto. Aínda que esta non representa unha ameaza maior que a da vespa crabro (autóctona), xa que só resultan perigosas cando se trata de picaduras múltiples, picada única en mucosa ou en persoas que padezan alerxia ao veneno de himenóptero, o desacougo da xente é xeral. Para o noso entender as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, son totalmente insuficientes, tanto a nivel informativo como de control da praga.

Porén, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

#### **ACORDO**

Instar ao Goberno Municipal:

- A impartir charlas informativas á cidadanía.
- A dirixirse á Xunta de Galicia para que se instalen trampas en sitios públicos.
- A dirixirse á Xunta de Galicia para revisar o protocolo da Xunta e enmendalo nos puntos nos que sexa posible”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción. Explica que primeiro é informar sobre os problemas deste insecto, que a forma de actuar muda duns concellos a

outros, sen influír moito nos orzamentos municipais facer actuacións sobre isto, e que hai que mirar o protocolo da Xunta. Espero o apoio dos demais, son medidas necesarias.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están a favor. Todo o que sexa información á cidadanía, é bo. Hai que facer maiores esforzos na busca dos niños para erradicalos –niños feitos por bos arquitectos, mágoa que sexa para o malo-. Conte co noso voto a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que estar previstos e preparados, non sobra tamén para as autóctonas. Para o que se faga niso, sempre imos estar a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van apoiar esta iniciativa, pero quere puntualizar respecto á insuficiencia que se di do que fixo a Xunta. Houbo unha acción coordinada de varias Consellerías, da Fegamp, dos apicultores e dos Parques de bombeiros. A Xunta de Galicia ten eliminado miles de niños en 2017 e 2018. Non existe unha solución perfecta de hoxe para mañá. Ao que máis afecta é á biodiversidade e á actividade apícola. Non son máis perigosas que as autóctonas, pero a súa extensión por zona urbana incrementa o risco. Segundo o mapa da Consellería, non é un problema maior en Monforte, pero está ben actuar. En canto ás trampas, deben ser os técnicos quen digan, ás veces poden ter efectos contrarios. Revisar o protocolo non nos corresponde a nós. Hai que lamentar os mortos habidos. O risco existe, entre todos temos que facer o necesario. Apoiamos a moción, coa salvedade do que se está traballando pola Xunta.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que volve ao punto 7 da moción de Esperta Monforte. Mire as voltas que se dan para aprobalo, iso para un acordo. Sobre esta moción, están os danos ás persoas, mesmo con falecementos, e os danos á riqueza apícola. Din os expertos que temos que acostumarnos ás especies invasoras. Hai que tratar de minimizar os danos. A Xunta ten competencias. As súas competencias son sobre todo para as trampas e o protocolo. Por iso, non apoiamos a moción, salvo que sexa instar á Xunta-Consellería de Medio Rural, entón apoiaríamola.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que esta iniciativa busca tranquilizar á xente. A Xunta claro que fai traballo, ao noso entender insuficiente, sobre todo na información. En Castela e León fíxose doutra maneira. Sobre as trampas, falei con técnicos de medio ambiente, hai varios sistemas, mesmo con drons, pero hai trampas caseiras que pode facer calquera. Trátase de facer dende o Concello; se hai que instar á Xunta, tamén.

(Dna. Pilar López Martínez renuncia á segunda quenda).

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di ao portavoz do Grupo Socialista, que para próximas iniciativas, quedará antes con el. Dita a broma, se tivésemos a información do Alcalde sobre os terreos, tamén diríamos de dirixirnos á Deputación para a xestión pública; sen saber iso, instabamos ao Concello. Sobre esta moción, hai cousas que dependen da Xunta, o que non exime de actuar aos concellos. As charlas á cidadanía, é importante, e tamén o das trampas caseiras.

(Dna. Julia Rodríguez Barreira e D. Iban Torres Rodríguez non interveñen).

Do Sr. Alcalde, que lle pregunta ao proponente da moción se acepta o cambio en instar. (Queda a cousa en engadir nos puntos segundo e terceiro do acordo da moción “A dirixirse á Xunta de Galicia”).

Pregúntalle á portavoz de Esperta Monforte que terá que ver quen compre os terreos con quen faga a xestión.

**B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A FALTA DE ESIXENCIA DE CUMPRIMENTO DOS CONTRATOS MUNICIPAIS, CONCRETAMENTE NO QUE ATINXE Á CONCESIONARIA FCC.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D.Emilio José Sánchez Iglesias).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

1º.-No Pleno de 27.3.2017, este Grupo Municipal, defendeu unha iniciativa en relación á limpeza de solares no recinto amurallado, da propia muralla e a eliminación de graffitis no entorno de San Vicente, que foi rexeitada co voto de calidade do Alcalde, ao contar cos seis votos a favor do Grupo Popular e de E.M., seis en contra (Grupo Socialista) e cinco abstencións (Grupo do BNG). Según consta na acta, o acordo foi **“Non aprobar a moción do Grupo municipal do PP sobre actuacións no recinto amurallado”**. Unha das peticións que se formulaba e que foi rexeitada co voto de calidade do Alcalde era: *“Que proceda de inmediato a limpeza dos solares municipais, e de modo especial, os que se atopan no entorno do recinto amurallado, requirindo a tal efecto á concesionaria da limpeza viaria, FCC, para que proceda ao desbroce dos solares municipais e a eliminación de herbas e saneamento de especies vexetais invasoras na muralla”*.

Non era esta a primeira ocasión en que o Partido Popular defendía iniciativas en relación á limpeza da muralla. En todos os casos, o equipo de goberno votou en contra. As mocións deste grupo, fundamentábanse no recollido no contrato que vincula a FCC, cando sinala, entre as súas obrigas:“ la prestación de la labor de saneamiento de especies vegetales invasoras en los monumentos públicos de referencia del Concello (Ponte Vella y Muralla)”.

-O pasado ano 2017 procedeuse a limpar a muralla. O Alcalde explicaba daquela, según figuraba na web do Concello:

*“para limpar a muralla vanse empregar tesoiras de podar, co fin de frear o crecemento da maleza e tamén de mellorar o aspecto xeral da construción. Por outra parte, vaise empregar un camión-guindastre, alí onde sexa posible, que se situará no exterior da Muralla, dende o que poderán actuar os operarios para a corta da vexetación. Hai que destacar que nesta actuación non se arrincarán as plantas nin se incidirá no desenraizamento da vexetación”*.

Lonxe de requirir á empresa que o levara a cabo, en cumprimento do contrato, ordenou facelo con cargo aos recursos municipais, concretamente, aos propios operarios municipais, como se comprobou no caso da limpeza da Ponte Vella.

2º.- Fai poucos días, o Alcalde anunciou que se iba proceder á limpeza da muralla, por medio da contratación deste servizo cunha empresa externa cun custe de 17.000 €

Outra vez se empregan recursos municipais para acometer un servizo que forma parte das obrigas da concesionaria. Esta é a demostración de que o Alcalde non ten interese algún en facerlle cumprir á concesionaria do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, FCC, o contrato que a obriga.

3º- Da mesma forma, o contrato que obriga á mesma empresa FCC, con respecto o servizo de abastecemento e saneamento, impón nos arts. 25 e 26, do prego de condicións, o seguinte: **art. 25: “las obras e instalaciones que reciba el concesionario deben adecuarse en cada momento a las exigencias que implique la correcta prestación y gestión del servicio, corriendo a expensas del concesionario cuantos gastos se deriven de dicha adecuación”**

***E o art. 26.4, cando sinala: “Las obras de mantenimiento y conservación de conducciones e instalaciones, así como las de renovación y/o sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas o averiadas serán del cuenta del concesionario”***

E evidente que o longo dos anos as conduccións se foron deteriorando e averiando sin que se procedese á renovación e sustitución de conduccións, de maneira que se adecuaran en cada momento as esixencias da correcta prestación e xestión do servizo, como obrigaba o contrato.

4º.- Recentemente, o alcalde, ten anunciado na prensa que está tratando con Aqualia, que a renovación da rede xeral se leve a cabo con cargo as obras de mellora que a concesionaria non ten executado, para o que a corporación tería que modificar o contrato. E tal como se recolle na prensa, ten dito que nesas inversións non figuraba a renovación da rede xeral.

O que omite o Sr. Tomé, é que esta rede está tan deteriorada entre o depósito do Cornao e o de San Vicente, que provoca averías constantes, e conforme ao que sinala o art. 26 ***“as obras de ....renovación e/ou sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas ou averiadas serán de conta da concesionaria”***

Esto revela, que o Sr. Tomé, está negociando coa concesionaria a execución dunhas obras de renovación da rede xeral, claramente deteriorada, e que afecta á correcta prestación do servizo, por tanto, incluídas entre as obrigas que ten que acometer a concesionaria, como “inversións” en sustitución das melloras non executadas.

Este prantexamento, ocasionaría un grave prexuízo económico os monfortinos, que verían como o seu alcalde, en lugar de facerlle cumprir o contrato á concesionaria, tanto no que atinxe á renovación das conduccións deterioradas como no que atinxe as melloras non executadas, pretende substituír unha cousa por outra. I esto, cando ámbalas dúas, forman parte das obrigas de FCC.

5º.- Advírtese unha falla de interese en esixirle o cumprimento dos contratos nos seus propios termos, á empresa FCC, tanto no que atinxe as obrigas de limpeza e eliminación de especies vexetais da muralla e a ponte vella, como nas de renovación e sustitución de conduccións averiadas ou deterioradas, neste caso, a rede xeral entre o depósito do Cornao e o de San Vicente.

Nun caso, tense contratado unha empresa externa para que faga eses traballos de limpeza, e noutro estase considerando que a empresa os faga con cargo as melloras non executadas. Ámbalas dúas actuacións representan perxuízos económicos para o Concello, que este grupo non pode respaldar.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

### ACORDO

#### INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1.- A absterse de contratar con empresas externas actuacións que forman parte das obrigas contratadas coas concesionarias de servizos municipais, pormenorizadamente, no que atinxe á concesionaria FCC.

2.- A absterse de negociar a substitución de inversións non executadas por parte das concesionarias municipais, por actuacións que xa forman parte das súas obrigas, pormenorizadamente, no que atinxe á concesionaria FCC.

3.- A requerir das concesionarias dos servizos municipais, o cumprimento dos contratos que as obrigan nos seus propios termos, de maneira especial, no que atinxe a FCC, por ser a entidade que aglutina os dous servizos máis custosos deste Concello, a recollida do lixo e limpeza viaria e o servizo de abastecemento e saneamento municipais.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que expón a moción segundo o que figura no texto presentado e le os tres puntos do acordo. Está clara a finalidade desta proposta, esperamos contar co apoio dos Grupos.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que quere facer alusión á rúa Corredoira, cun informe de Intervención de que a sufragase a empresa. O entón BNG trouxemos unha iniciativa sobre iso. Estamos a favor do que se pide aquí.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que xa no Pleno de marzo de 2017 votaron a favor da limpeza na muralla, nunha das zonas máis bonitas para pasear por ela. Figura no contrato, se ben o equipo de goberno dirá que cunha cantidade insuficiente. Que tivesen posto máis importe, pero a literalidade é clara. Ten problemas o Alcalde por non comunicarse coa oposición. É habitual que nos informemos polas notas de prensa, o que non é bo para poder negociar.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que está de acordo en que se cumpran os contratos. A dúbida é co punto 1 do acordo que se propón, absterse de contratar, polo que toca á Ponte Vella e á Muralla. Se a empresa non atende os requirimentos, non imos esperar a que iso se dirima, aínda que despois se lle pase o cargo á empresa. No resto, evidentemente de acordo.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di á proponente que xa Dna. M<sup>a</sup> José Vega, cando era portavoz do anterior goberno, dixo que o importe é insuficiente para isto, é de 1.099,66 euros por ano. O que lle molesta é que a Ponte Vella estea limpa de maleza. Dende que está este equipo de goberno, a ponte límpase tódolos anos. Levamos tamén dous anos desbrozando maleza na zona amurallada. Imos seguir cumprindo os nosos compromisos. Se alguha vez se fixo cumprir os contratos, é agora. Os problemas veñen de cando vostedes deixaban pasar o tempo sen cumprilos nos

seus propios termos, como piden agora. Seguiremos cumprindo, esperamos que con menos trabas no futuro.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao portavoz do BNG que o seu escenario é distinto, é tras un requirimento á empresa, que esta non cumpre. A nós non nos consta ese requirimento. O de repercutir á empresa, que o aclare o equipo de goberno. Pero o equipo de goberno considera que a pesar da claridade do contrato, non lle corresponde á empresa. Se son 1.099 euros, é problema deles. Buscan argumentos para non requirir. Que non me gusta ver limpa a muralla? Pero se sempre o teño instado. Teñen votado en contra de cumprir os contratos. Que veñan a dicir que non cumprimos de 2001 a 2003, cando dende 2003, incluído o actual Alcalde, houbo unha sucesión sistemática de non cumprir.

(Dna. Pilar López Martínez renuncia á segunda quenda).

De Dna. Maribel García Díaz, que di que efectivamente 1.099 euros ao ano é insuficiente para a limpeza que comprometeron, que tivesen posto máis diñeiro. Existe o compromiso escrito; se non existise, daríamos por ben feito o feito, pero o contrato di que ten que ser a empresa. E o Alcalde aínda vén que veremos as consecuencias cando remate o contrato. O que fai é lanzarnos ameazas. No noso programa electoral tiñamos facer cumprir os contratos.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que non quere entrar en debates estériles. Formulei esa dúbida polo caso de que se requira á empresa e non o faga. Que pasaría se levamos isto ao pé da letra? Esa era a única inqueda que me producía a moción, sen ganas de polemizar.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que debe dirixirse ao goberno do PP que fixo o contrato e preguntarlle se 1.099 euros chegaban para isto. Non lle preocupa o cumprimento dos contratos, senón que se fagan cousas. Valora nesa cantidade a limpeza e o mantemento dos monumentos? O contrato obriga a ambas partes. Non votamos en contra como di do cumprimento dos contratos, senón da súa formulación ao respecto.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o contrato da limpeza foi formalizado polo BNG. A vostede non lle importa o que pon como compromiso, senón a cantidade da memoria. Dille ao portavoz do BNG que o que formula é de boa fe, con primeiro o requirimento, pero isto é outro escenario, o do equipo de goberno que quere que a empresa non cumpra as obrigas do contrato. Coa auga, teríamos para falar moito máis. Que se limpe a muralla, si, pero por quen ten que facelo.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Maribel García que non sabe de onde saca que el ameazou, ou será problema de dislexia. O que dixeron é que cando acabe o contrato, pode haber aínda contenciosos sen resolver, é iso unha ameaza? Non llo consinto, non ameacei nada.

### **C) MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O PARA REBAIXAR O COEFICIENTE DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e D.Manuel Jesús López Sánchez).

En base á moción presentada e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:



“Nos últimos anos e de xeito voluntario o Concello de Monforte de Lemos, a través da Oficina de Recadación, levou a cabo un minucioso traballo de descubrir edificacións que non pagaban o IMPOSTO DE BENS INMOBLES ou modificacións de vivendas que non pagaban o que lles correspondía, sen cobrarlle á cidadanía ningún tipo de tarifa o que permitiu regularizar unha boa parte das vivendas do noso concello.

Durante este ano 2018, o Catastro está realizando no noso concello unha regularización dos bens inmobles de xeito obrigatorio ao que lle repercute a cada vivenda cunha taxa de 60,00€ só por iniciar o expediente. O problema non está nos 60,00€ que cada propietario ten que abonar, que aínda que para moitas familias pode resultar un importe excesivo, o certo é que están chegando numerosas cartas nas que o 90-95% dos datos que aporta o Catastro están errados, ata o punto de figurar vivendas a nome de propietarios inexistentes ou vivendas a cabalo de varias fincas, xa que a revisión catastral que se está a levar non se fai dun xeito adecuado, e mesmo non figuran camiños públicos onde deberían de aparecer.

Nós consultámoslles a expertos na materia e trasládannos a súa preocupación, porque segundo nos informan debería de ser un traballo de campo minucioso e non simplemente por vía aérea, xa que nin se comproba o uso real do inmovible nin o seu estado real, como si se fixo con anterioridade. Ademais están procedendo a realizar alegacións e non teñen a tranquilidade de que se resolvan.

Alén disto, os concellos, e o noso en concreto, ao longo de todo este tempo de revisión catastral están vendo incrementadas as súas arcas municipais nunha importante porcentaxe, polo que moitos concellos xa optaron por baixar o gravame deste imposto, mais lamentablemente o noso alcalde rexeitou unha petición formulada polo noso grupo no pleno de outubro de 2016 no que lle pediamos que rebaixase o coeficiente do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana, que na actualidade está no 0,605 ao 0,57-0,58 aproximadamente por entender que se adecuaba ao incremento de ingresos municipais por este concepto no último exercicio, que naquel momento ascendía a 185.600€.

Esta nova revisión volverá supór unha importante suba neste imposto para os veciños e veciñas, ademais dos 60,00€ e dos atrasos dos 4 anos anteriores.

Por todo isto, o Pleno da Corporación Municipal, por dez votos a favor (Concelleiras/o non adscritas/o e Grupos do PP e de Esperta Monforte e) e sete abstencións (Grupo Socialista e do BNG), adopta o seguinte

## ACORDO

### INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO

1. A que se dirixa ao Ministerio de Hacienda, concretamente á Dirección Xeral de Catastro para reclamarlle un traballo de campo máis minucioso para, unha vez que se fai esta regularización, que se faga de acordo á realidade e co 100% de garantías.
2. A rebaixar, nas Ordenanzas Fiscais do vindeiro ano 2019, o coeficiente do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana, que na actualidade está no 0,605 ao 0,50, ou como mínimo a media do incremento dos ingresos municipais, por este concepto, nos últimos anos.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que pide que polo Alcalde non se ofenda a Dna. Maribel García, que se ten dislexia ou non sei que. Le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que anuncia que van votar a favor. O Concello tense referido ao seu bo estado económico, para poder facer isto. Dille ao Sr. Alcalde que lle dixo que non sabía se ela tiña dislexia. Entendo que quería dicir alzheimer, anorexia ou similar. Non teño nada diso. Cando non lle aprobamos o de Aqualia, dixo que seríamos responsables do que acontecese, non sei como habería que catalogalo.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Maribel García que non quere dicir o que el ten escoitado. Dille a Dna. Pilar López que falta de respecto é dicirlle ao voceiro do grupo de goberno que está espeso ou ver ameazas cando non as hai. Dille a Dna. Maribel García que igual cre que o que di ela é o que dixo el. De ameaza nada, só un futurible.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que ela coñece xente disléxica. Pódese debater en termos políticos, sen insultar a ninguén e menos usar unha enfermidade. Iso non é necesario para facer política. Creo que vostede debería desculparse e retirar iso, por tódalas persoas que sofren dislexia. Dito isto, imos apoiar esta iniciativa, porque nós trouxémola moitas veces, o do tipo impositivo do IBI. Nunca conseguimos a posibilidade de baixalo, dicíase nos que afectaba aos ingresos e outras cousas. Non podemos facer menos que apoialo. E o do labor de campo minucioso, tamén está ben.

Do Sr. Alcalde, que lle di á anterior interveniente que non queira aproveitarse do debate dos demais. No teño problema en pedir desculpas, se Dna. Maribel García se sente ofendida, pero iso non é o tema, é querer sacar rendemento disto.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que apoia a quen se senta ofendido. No punto 1 do que se propón na moción, de acordo co do traballo minucioso. No punto 2, como recibimos este documento hoxe mesmo e non tivemos tempo de valoralo, ímonos abster, non temos datos económicos ao respecto.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di á proponente que non van polemizar con ela sobre impostos. Puido facelo cando gobernaba. Nós non subimos ningún imposto e baixamos algunha taxa. Vostedes en 2008 contrataron á empresa GTT e incluíron atrasos de catro anos. Montoro foi quen elevou o IBI a onde está. Se o subiu, que o baixe o goberno do Estado. Se se revisasen ponencias, sería o momento de miralo aquí. Os 60 euros cóbraos o Catastro, non o Concello. Os erros pode reclamarlos cada afectado. De acordo co primeiro punto, trasladar o da rigorosidade. Respecto ao segundo punto, nós non o subimos; se antes foi necesario contar con eses ingresos, agora tamén. É unha irresponsabilidade de quen cando gobernaba non o fixo. Supón 620.000 euros menos de ingresos. Dicir que é unha loucura, non creo que ofenda aos dementes, porque o Concello non pode asumilo. Diga onde recortaría polo que se deixaría de ingresar. En investimentos, en contratación, en servizos sociais, en persoal? Mentres non nos diga onde recortar, non podemos tomalo en serio. Abstémonos porque estamos a favor do punto primeiro, pero en contra do segundo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que lle diría ao Sr. Torres o que dicía a súa aboa: perdóalles, Señor, porque non saben o que din. Di vostede que en 2008 nós subimos o imposto, foi aflorar impostos ocultos. Non dixen que teñan subido os impostos, o que lle estou dicindo é que baixen o coeficiente, porque non é o mesmo aplicalo sobre unha base ou sobre outra. Nós non podíamos facelo, Montoro levantou a veda cando xa estaban vostedes. Hai xenerosidade na nosa moción: “ou como mínimo a media do incremento dos ingresos municipais”. Non obrigamos ao 0,50, pódeme valer unha media por exemplo do 0,54. Que onde recortaría? Por exemplo na reparación do camiño da igrexa na miña parroquia, que foi escusada, igual que outros moitos asfaltos. A rebaixa do IBI pode favorecer máis que asfaltar por asfaltar. Agradezo o apoio dos Grupos que así o manifestan.

(Dna. Maribel García Díaz renuncia á segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que se falou moito de Montoro, porque cando Zapatero había alegría no gasto, foron medidas para sanear. O goberno central tamén puxo medidas para que os concellos puidesen baixar o tipo, foi o que trouxo aquí o PP. Diciamos que se compensaba a baixa do tipo do IBI con máis liquidacións e atrasos. Por que, se non, aumentou a recadación? Por que o Remanente de Tesourería que teñen? É repetición do que nós xa temos formulado.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Pilar López que se eles recadan, é responsabilidade política; se o fan outros, xa non. Sobre ofensas, é máis grave dicir que hai ameazas, o que constitúe un delito, que dicir estás xordo. É un oportunismo repugnante. Aquí non se ofendeu a ninguén.

De Dna. Pilar López Martínez, que agradece o apoio doutros Grupos. Lamentar que o Sr. Torres saia das súa casillas, que lle parece dicirlle ás tres portavoces mulleres que hai que correlas a gorrazos?

## **PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

### **9. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 20.06.2018, de 28.06.2018, de 09.07.2018, de 19.07.2018 e de 20.07.2018) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

### **10. ROGOS E PREGUNTAS.**

**1º.- PREGUNTAS E ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REXISTRADOS DE ENTRADA O DÍA 27 DE XULLO DE 2018.** Formúlaos o portavoz de Grupo, D. Emilio José Sánchez Iglesias.

#### **A) PREGUNTA RELATIVA AO ARRANXO DA NACIONAL 120.**

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

No pasado pleno do mes de xaneiro aprobouse nesta Cámara unha iniciativa do BNG para que o Equipo de goberno deste Concello se dirixira ó Ministerio de Fomento para reparar a estrada n-120, debido ó seu estado, o cal despois dun prazo de 6 meses séguese deteriorando.

**PREGUNTA:**

Qué xestións se teñen feito para a arranxo desta estrada?”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Foi tramitado ante o Ministerio: remitido o 31 de xaneiro con acuse de recibo do 2 de febreiro. Tamén se enviou a Concellos limítrofes.

(Auséntase Dna. Alicia Cadarso Palau)

**B) ROGO RELATIVO Á TOMA DE MEDIDAS PARA O CUMPRIMENTO DO HORARIO NO QUE A CIDADANÍA DEPOSITA O SEU LIXO.**

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Estamos a observar que en distintos puntos da nosa cidade é habitual atoparse con bolsas de lixo estradas pola beirarrúa, xa que estas se tiran a un horario no que os cubos non están dispostos para tal fin. Isto produce unha incomodidade para os viandantes ademais dunha desagradable sensación a nivel estético. O sistema de cubeo foi implantado precisamente para evitar que o lixo producira cheiro durante o día e mellorara a limpeza e a imaxe na nosa cidade, entre outros obxectivos. Por isto presentamos a seguinte

**SOLICITUDE:**

Que o Goberno Municipal tome as medidas oportunas ante estes actos incívicos, para garantir que o servizo de recollida de lixo sexa efectivo”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Efectivamente ás veces hai actos deste tipo. Tanto a Policía Local como o Técnico de Medio Ambiente controlan isto e mesmo se ten advertido de posible sanción.

(Reincorpórase Dna. Alicia Cadarso Palau)

**C) ROGO RELATIVO Á INSTALACIÓN DE PUNTOS DE AUGA POTABLE NO TRAMO DO CAMIÑO DE INVERNO QUE PERCORRE POLO CONCELLO.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Estamos nunha zona, como todos sabemos, que rexistra unhas temperaturas das máis altas de Galiza, e tendo en conta que o tránsito de peregrinos aumenta de maneira notable durante a época estival, consideramos que sería un acerto dotar de puntos de auga o tramo que percorre o noso Concello.

Sabemos que isto é unha competencia da Xunta de Galiza, pero vemos que esta non está a prestarlle a atención que o Camiño de Inverno merece.

**SOLICITUDE:**

- Que o Goberno Municipal inste á Xunta a que o Camiño de Inverno sexa acondicionado para o disfrute dos peregrinos que o percorren, que cada vez son máis.
- Que se a Xunta non toma as medidas oportunas, sexa o Goberno Municipal quen dote de puntos de auga potable o tramo que pasa polo noso Concello.

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Os Camiños son do Xacobeo. O que mellor preparado está é o Francés. Esperemos que tamén se faga co de Inverno. Xa remitimos a Turismo da Xunta onde hai que intervir con melloras e servizos necesarios no Camiño de Inverno.

**2º.- ROGOS E PREGUNTAS DAS/DO CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O.** Formúlaos Dna. Pilar López Martínez.

**A) PREGUNTA-ROGO E ROGO PRESENTADOS POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 27 DE XULLO DE 2018.**

**a) PREGUNTA- ROGO SOBRE A EXCLUSIÓN DO NOSO IDIOMA NA PUBLICIDADE DO II FESTIVAL DO VIÑO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

“O Concello de Monforte de Lemos en colaboración co Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra organizaron, por segundo ano consecutivo, o Festival do Viño da Ribeira Sacra, que tivo lugar no paseo do Malecón de Monforte de Lemos os días 6, 7, e 8 de xullo.

Nós queremos manifestar o noso apoio a este Festival pola repercusión social e económica que conleva, tanto de visitantes como para os propios viticultores, mais tamén queremos mostrar o noso malestar pola ausencia do emprego do idioma galego.

O Festival tiña o nome en galego mais tanto a páxina web como o cartaz e a case totalidade das comunicacións foron realizadas en castelán.

Cómpre lembrarmos que o Estatuto de Autonomía de Galiza dispón no seu artigo 5 que “a lingua propia de Galiza é o galego”, e que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa. Así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, indica no seu artigo 4.1 que «o galego, como lingua propia de Galiza, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa administración, da administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma».

Do mesmo xeito, empregando só o castelán están a incumprir o apartado c) do artigo 13 da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no que se rexeitan as prácticas que tendan a desmotivar o uso das linguas rexionais ou minoritarias na marco das actividades económicas ou sociais.

De nada serve pertencer a unha **Rede de dinamización lingüística** vinculada á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, tal como se aprobou no pleno do 30 de maio de 2016 a proposta desta alcaldía, se despois non empregamos o noso idioma onde é menester facelo por normativa legal, ou termos aprobamos o **cumprimento real e efectivo da carta europea das linguas rexionais e minorizadas** no pleno do 29 de febreiro de 2016 se despois seguimos a empregar o idioma castelán no cartel deste evento.

Por estes motivos, presentamos a seguinte pregunta e rogo:

1. **Cal foi o motivo ou razón da exclusión do noso idioma no cartaz, na páxina web ou nas comunicación do evento do II FESTIVAL DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA?**
2. **Rogámoslle que non volva repetirse esta circunstancia que en nada axuda á dinamización e valorización da nosa lingua, por non falar do menosprezo que supón o seu emprego só no título.”**

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Unha parte estaba en galego e outra en castelán. O Consello Regulador buscou promoción cara ao exterior de Galicia. As invitacións institucionais do Concello foron en galego.

**b) ROGO SOBRE AS VIVENDAS DA RÚA ABELEDOS QUE REPRESENTAN UN PERIGO PARA A CIDADANÍA POR PRESENTAREN TELLAS A PIQUES DE CAER Á RÚA.**

“Na rúa Abeledos existen varias vivendas que presentan os seus tellados nunha situación de perigo para as persoas que circulan tanto nos vehículos como dun xeito especial camiñando, dado que as tellas se están desprendendo tal como podemos comprobar só con alzar a vista.

Por este motivo, rogámoslle que proceda a revisar o estado destes tellados e tome as medidas oportunas para evitar desgrazas maiores.”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Non temos información nese sentido. Trasladámosllo ao Técnico municipal de Urbanismo.

**B) PREGUNTA IN VOCE.**

Segundo a moción presentada para o Pleno do 26/02/2018, acordouse darlle o nome de “Saleta Fernández” ás pistas de atletismo da Pinguela. Cando pensa facelo?

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Falamos con Saleta, que dixo que viría nestas datas ou a primeiros de agosto; serán vostedes invitados ao acto e será antes das festas.

**3º.- PREGUNTAS E ROGOS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PRESENTADOS POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 27 DE XULLO DE 2018.** Formúlaos a portavoz de Grupo, Dna. Julia Rodríguez Barreira.

**A) PREGUNTA SOBRE ACTUACIONES RELATIVAS A VIVENDAS RUINOSAS.**

“Exposición de motivos:

En xaneiro de 2018, este grupo elevou a pleno unha iniciativa para que se tomaran determinadas medidas, á vista do elevado número de vivendas ruinosas existentes na nosa cidade, e visto o número de derrubamentos que se estaban producindo en diversas rúas da cidade e parroquias do noso Concello.

Naquela moción, instábase ao equipo de goberno a inventariar os edificios en ruina ou risco de derrubamento e desprendemento de elementos sobre a vía pública ou vivendas colindantes no noso Concello, e a requerir os propietarios para que adotasen as medidas de aseguramento necesarias, e de non facelo, a adotalas o Concello a súa costa, a fin de garantir a seguridade dos veciños e sen prexuízo dos expedientes procedentes.

Dende entón, téñense producido novos derrubamentos, algúns controlados e outros, espontáneos, como o que se ten producido na pasada noite nunha vivenda da C/ Compañía.

Á vista do risco que representan estas vivendas, e dado o tempo transcurrido dende que aquela iniciativa fora aprobada polo pleno, e téndose producido un novo derrubamento, formúlase a seguinte pregunta:

- Ten dado cumprimento o equipo de goberno ao acordo tomado no pleno de xaneiro, en relación a inventariar as vivendas ruinosas e a requerir ou acometer a costa dos propietarios que non o fagan, o seu aseguramento?
- De terse efectuado ese inventario, cal é o número de vivendas ruinosas que teñen sido inventariadas por ameazar derrumbamento total ou parcial?
- Qué medidas ten adoitado o goberno local para garantir a seguridade da veciñanza en relación a estas vivendas?"

**Resposta do Sr. Alcalde:**

(Durante a resposta do Sr. Alcalde, auséntase Dna. Pilar López Martínez)

O PP xa ten datos de todos e cada un dos edificios do casco histórico co gallo do traballo para o Plan Especial. Non imos duplicar esforzos, xa está feito con ese traballo. Cando hai informe do Técnico municipal sobre orde de execución ou ruína, faise. Pero non temos recursos para arranxar casas. Seguiremos como ata agora, actuando ante as necesidades.

**B) PREGUNTA SOBRE AS OBRIGAS DE FCC EN RELACIÓN Á LIMPEZA DA MURALLA E DA PONTE VELLA.**

“Exposición de motivos:

1º.-Coñecido que no ano pasado despois de moitas peticións deste grupo, se levou a cabo a limpeza da muralla, e non se requeriu a empresa FCC para que o levara a cabo a pesares de estar entre os servizos complementarios que inclúe o contrato de recollida de lixo e limpeza viaria.

E considerando que este ano o Sr. Tomé ven de anunciar que contratou os traballos de limpeza da maleza na muralla por importe de preto de 17.000 €, obviando outra vez o recollido no contrato de FCC, que expresamente sinala entre as súas obrigas:“ la prestación de la labor de saneamiento de especies vegetales invasoras en los monumentos públicos de referencia del Concello (Ponte Vella y Muralla)”.

Por todo o anterior, este grupo municipal, formula as seguintes preguntas:

- Ten requerido o equipo de goberno á empresa FCC para que procedera a eliminación da vexetación que invade a muralla e a ponte vella?
- Tense negado a empresa FCC a levar a cabo tal actuación?
- Cal foi a razón de que se teña contratado cunha empresa externa tal actuación, por importe de preto de 17.000 €?
- Pensa o equipo de goberno repercutirlle ese custe á empresa FCC, por estar esta actuación dentro das súas obrigas?”

### **Resposta do Sr. Alcalde:**

(Durante a resposta do Sr. Alcalde, reincorpórase Dna. Pilar López Martínez)

Xa o explicou o Sr. Torres no debate da moción habida hoxe aquí. O que lle preocupa ao equipo de goberno é facer actuacións que ás veces parece que non se queren. Ninguén ten exisido máis que este equipo de goberno o cumprimento dos contratos. Cando se nos di que 1.099 euros é un tope, obramos en consecuencia, Dna. M<sup>a</sup> José Vega tamén o ten informado aquí. O importante é limpar e o noso compromiso é seguir así.

### **C) ROGO SOBRE ACTUACIÓNS NECESARIAS EN SAN XOAN DE TOR.**

“O Grupo Municipal do Partido Popular, leva dende o anterior mandato solicitando actuacións en distintas parroquias, que estimamos son necesarias para mellorar a calidade de vida dos veciños. Conscientes do abandono no que se atopa o rural, e de que non se poden acometer todas as actuacións á vez, temos ido dosificando as peticións, que afectaban a distintas parroquias. Algunhas teñen sido atendidas e outras non, inda entendendo que son prioritarias, como o saneamento de Calvos.

O equipo de goberno ven de anunciar unha serie de actuacións de mellora das pistas municipais en distintas parroquias, cun custe dun millón de euros. Nas actuacións que están proxectadas na parroquia de San Xoan de Tor, non existe mais concreción que ”Tor”. Entendemos que se trata do asfaltado das pistas que levan a Tor pobo, e do pobo mesmo, incluíndo a que conduce á fonte, con arranxo da cuneta e canalización da auga que agora discurre pola pista deteriorandoa.



Nembargantes, son varias as actuacións que veñen sendo demandadas polos veciños, e que o noso entender deben ser atendidas. E por tal motivo se inclúen neste rogo.

Así, o presente ROGO ten por obxeto:

- Que as actuacións no firme, non se limiten ao asfaltado, senón que se aproveite para revisar o estado da rede de abastecemento que provoca reiteradas avarías e para limpar e acondicionar axeitadamente as cunetas, especialmente no caso da pista que leva á fonte, na que a auga discorre pola calzada, deteriorandoa.
- Que se lle dé continuidade á pista de acceso as vivendas, que atravesa o campo da festa
- Que se arranxen os columpios e o valado do campo da festa
- Que se limpen e acondicionen as fontes existentes, e o entorno do peto de ánimas que existe no centro do pobo.
- Que se requira á entidade Aqualia para que arranxe a avaría que existe na estrada que leva a San Xoán de Tor, que leva aberta mais de dous meses, e que se sinalice axeitadamente, esta avaría, toda vez que está no medio dun carril da estrada sin iluminación nocturna.
- Que se leven a cabo as actuacións necesarias para o pintado e sinalización horizontal da mencionada estrada, a fin de garantir a seguridade vial da mesma.
- Que se leven a cabo actuacións de mellora no local social, de remate e axeitado illamento da cuberta, de reparación e ampliación da barbacoa existente, de pintado da fachada exterior e de instalación dun calentador eléctrico.”

#### **Resposta do Sr. Alcalde:**

A estrada é da Deputación; non será o Concello o responsable, senón o titular da vía. As cunetas están feitas recentemente, o da auga na vía será cando se fagan outras acción. A estrada principal de acceso vaise mellorar.

#### **D) ROGO SOBRE A SEGURIDADE DA PONTE QUE PASA SOBRE O REGATO ZAPARDIEL NA RÚA VALLE INCLÁN E OUTRAS ACTUACIÓNS.**

“O Grupo Municipal do PP, ven de constatar, a instancia dos veciños, o risco que representa a falta de seguridade na ponte existente sobre o regato do Zapardiel, na rúa Valle Inclán, de maneira que quedan espazos abertos polos que se poden introducir os nenos, e que pola altura existente, con respecto ao regato, representan un risco importante.

Por outra parte, o estado de abandono que presenta o regato Zapardiel nese punto e moi notorio, con maleza que chega as propiedades que o circundan.

Tamén nas inmediacións dese punto, se ten constatado a existencia dun poste da luz que pola súa ubicación no medio da beirarrúa impide o tránsito de persoas en cadeira de rodas ou cadeiras de nenos, e por tanto incumpe a normativa en materia de accesibilidade.

ROGO: Que se asegure a barandilla da ponte existente sobre o regato do Zapardiel, na rúa Valle Inclán, a fin de evitar a caída de persoas, -nenos especialmente- que se pode producir polos seus ocós, se leven a cabo as actuacións de limpeza necesaria no regato do Zapardiel nese punto, e se fagan as xestións necesarias para eliminar o poste existente no medio da beirarrúa, nas proximidades da ponte, a fin de

garantir o tránsito de persoas con problemas de mobilidade e dar cumprimento á normativa de accesibilidade.”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Eu non vexo o poste ese na beirarrúa. Parécenos ben que pida, pero a rúa Valle Inclán é da Xunta de Galicia, é a estrada á Pobra do Brollón, acaba de actuar nela a Xunta. A barandilla ten que arranxala a Xunta de Galicia, igual que fixeron hai pouco con outra noutro sitio. O regato é da Confederación Hidrográfica ou da Xunta, non é do Concello. A Confederación, igual que desbrozou outros regatos, que desbroce este.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte e tres horas e trinta minutos do expresado día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,